

INFORME SOBRE A “ENQUISA DE SATISFACCIÓN COA DOCENCIA E AS TITORÍAS DO 1º SEMESTRE DO GRAO” (CURSO 2022/23)

Obxectivo

A docencia no presente curso volveu ser completamente presencial despois das obrigadas adaptacións que houbo que facer nos cursos precedentes a causa da pandemia.

O equipo decanal considerou relevante coñecer a opinión do alumnado sobre a satisfacción coa docencia e coas titorías de despacho no primeiro semestre deste curso.

Desenvolvemento

Planificouse unha enquisa xeral, dirixida a todo o alumnado, tanto do Grao en Química como dos Dobres Graos que se imparten na Facultade.

A enquisa recolleuse virtualmente (Microsoft Forms) no mes de febreiro de 2023 (dende o 30 de xaneiro ao 15 de febreiro), unha vez rematado o período lectivo do primeiro semestre.

A enquisa constaba de 7 preguntas e a poboación global á que se dirixiu aos alumnos do Grado en Química, así como os de Dobre Grado en Química e Bioloxía e os de Dobre Grado en Física e Química.

Análise de resultados

1. A primeira pregunta era sobre o grado que se está a cursar neste curso 2022/23. Os resultados obtidos na enquisa pódense ver a continuación:

1º Curso	2º Curso
<ul style="list-style-type: none">Grao en Química 13Grao en Química (Inglés) 0Dobre Grao en Química e Bioloxía 1Dobre Grao en Química e Física 0	<ul style="list-style-type: none">Grao en Química 6Grao en Química (Inglés) 0Dobre Grao en Química e Bioloxía 0Dobre Grao en Química e Física 1
3º Curso	4º Curso
<ul style="list-style-type: none">Grao en Química 3Grao en Química (Inglés) 0Dobre Grao en Química e Bioloxía 1Dobre Grao en Química e Física 0	<ul style="list-style-type: none">Grao en Química 11Grao en Química (Inglés) 0Dobre Grao en Química e Bioloxía 2Dobre Grao en Química e Física 0

A porcentaxe global de participación foi do 9% (38 alumnos sobre un total de 445). A participación máis baixa dáse no 2º e no 3º curso e a máis alta dáse en 1º e 4º.

Os participantes cursan maioritariamente o Grao en Química (GQ). Apenas hai participantes dos Dobres Graos.


As enquisas de 3º e 4º curso recollen participantes doutros cursos, ben repetidores ou ben algún alumno dos dobres graos.

2. A segunda pregunta estaba relacionada coa asistencia a clase. Os resultados obtidos na enquisa móstranse a continuación:

1º Curso		2º Curso	
● Nunca	0	● Nunca	0
● Algunha vez	2	● Algunha vez	1
● Con frecuencia	3	● Con frecuencia	2
● Sempre	9	● Sempre	4
3º Curso		4º Curso	
● Nunca	0	● Nunca	0
● Algunha vez	1	● Algunha vez	1
● Con frecuencia	1	● Con frecuencia	4
● Sempre	2	● Sempre	8


En canto a asistencia a clase, a maioría do alumnado que contestou á enquisa asisten sempre ou con frecuencia. Podemos destacar que en ningún curso hai respostas de “nunca”, aínda que si responden “algunha vez”.

3. A terceira pregunta estaba relacionada coa satisfacción da docencia expositiva recibida neste semestre. Os resultados obtidos na enquisa pódense ver a continuación:



En canto a satisfacción coa docencia de clase expositiva, os mellores resultados acádanse no cuarto curso, cunha valoración media de 3,46 sobre 5, mentres que os alumnos máis descontentos corresponden a 1º curso cunha valoración media de 2,86 sobre 5. A valoración media de segundo curso e de 3,14 sobre 5 e a de terceiro curso é de 3,25 sobre 5. Estas respostas seguramente non son concluíntes porque a participación na enquisa non é alta. Podemos destacar que en ningún curso o alumnado marcou un 5 no referente a satisfacción coa docencia de clase expositiva.

4. A cuarta pregunta era sobre a satisfacción coa docencia de clases de laboratorio. Os resultados móstranse a continuación:




Segundo se recolle das respostas á pregunta 4, a satisfacción coa docencia de clase de laboratorio é máis alta que coa docencia expositiva. As valoracións medias son moi semellantes: 3,64 sobre 5 en primeiro curso, 3,57 no segundo curso, 3,75 no terceiro curso e 3,54 no cuarto curso. Como podemos ver neste caso si hai alumnos que marcaron un 5 no caso de segundo e cuarto curso.

5. A quinta pregunta: “Con que frecuencia fas uso das titorías de despacho do profesor?”. As respostas obtidas para os diferentes cursos móstranse a continuación:

1º Curso	2º Curso
● Non as utilizo 8	● Non as utilizo 6
● Unha vez 4	● Unha vez 0
● Entre 2 e 6 veces 2	● Entre 2 e 6 veces 1
● Máis de 6 veces 0	● Máis de 6 veces 0
3º Curso	4º Curso
● Non as utilizo 3	● Non as utilizo 3
● Unha vez 1	● Unha vez 2
● Entre 2 e 6 veces 0	● Entre 2 e 6 veces 8
● Máis de 6 veces 0	● Máis de 6 veces 0

Con respecto as titorías de despacho destacar que para todos os cursos a maior parte do alumnado non fai uso delas e non hai ningún alumno dos que responden a enquisa que o faga máis de 6 veces.

6. A sexta pregunta tiña como fin detectar a accesibilidade do profesorado para consultas de titorías de despacho



En canto a accesibilidade do profesorado para consultas de titorías de despacho, a valoración media das enquisa é alta, sendo cuarto curso o da valoración media máis alta cun 4,31 sobre 5. As valoracións medias dos outros cursos é moi parecida: 3,71 no primeiro curso, 3,43 no segundo curso e 3,50 no terceiro curso.

En canto a última pregunta, en realidade non era unha pregunta como tal, senón que a súa función era recoller os comentarios dos alumnos ás diferentes preguntas da enquisa. En xeral, os comentarios refírense a asistencia a clase. A gran maioría do alumnado que participou na enquisa alegan que non asisten ás clases expositivas porque consisten simplemente en ler as diapositivas ou que se fan moi pesadas. Estas respostas seguramente non son concluíntes porque a participación na enquisa non é alta, e probablemente o alumnado que respondeu si que asiste as clases regularmente, mentres que o que non asiste tampouco respondeu.

Santiago de Compostela a 23 de febreiro de 2023

Mercedes Parajó Montes
Coordinadora de Calidade da Facultade de Química

Satisfacción coa docencia e as titorías 1º semestre Grao 2022-2023

Anexo con comentarios ás preguntas

Primeiro curso

- No vale a pena ir a clase.
- As explicacións de física son moi mellorables.
- Hay profesores que deberían mejorar tanto sus explicaciones como sus presentaciones, sobre todo el de física, del resto de materias sin queja
- El profesor de física I llegó tarde a la tutoría que le pedí y me trato bastante mal, dando a entender que no sirvo para hacer las cosas. Este mismo docente, cada vez que se le escribe un correo contesta solo de vez en cuando.

Segundo curso

- Es necesario aumentar explicaciones y reducir el uso de dispositivas sin más, las cuales el alumno puede leer en su casa sin necesidad de acudir a donde un profesor.

Terceiro curso

- En liñas xerais estou satisfeita coa docencia recibida. Claro que cada profesor é un mundo, e, ao falar en xeral, os moi bos compensan aos moi malos; pero salvando estes casos que se exceden por enriba ou por abaixo, considero que a docencia no grao é boa.

Cuarto Curso

- Mellora horarios.
- Algunas clases expositivas se hacen muy pesadas y muy poco interactivas, cuesta mantener el hilo completamente los 50 minutos.
- Algunos profesores han dado clases expositivas realmente útiles, otros han sido nefastos.
- Necesidad de renovar las prácticas de laboratorio
- No me gustó la docencia de Físicoquímica de materiales, era necesario explicar mejor las cosas.
- Esta encuesta é redundante coas de satisfacción por asignatura que cubrimos tódolos cuatrimestres, e bastante menos útil que estas, porque entre asignaturas existen moitas diferenzas. As preguntas 2-4 son demasiado xerais. Hai asignaturas cunha docencia expositiva moi boa (p.e. Enxeñaría Química) e outras bastante mala (Físicoquímica de Materiais).
- Intentar mellorar a relación entre alumnos e profesores, mellorar as formas de dar clase en asignaturas como Bioquímica (moito temario e con moita especificidade sendo alumnos de Química e non de Bioloxía). En Enxeñaría Química algún profesor non sabe transmitir os coñecementos e non se entende nada do que explica, polo que sería bo cambiar o profesorado.
- En la pregunta 3, me gustaría destacar que, aunque en general bien, muchas veces se hace insufrible por metodologías de ciertos profesores que están obsoletas o por materias que son demasiado densas e imposibles de seguir.